



ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL
30.09.2020

LUGAR: Aula virtual: Sala 24 Reitoría – Consello Social -1

DATA: 30.09.2020

HORA DE COMEZO: 12:05

HORA DE REMATE: 13:15

LISTA DE PARTICIPANTES

Añel Cabanelas, María Elena
Atanes Limia, Xosé Manuel
Blanco Gómez, César
Blanco Rial, María Gloria
Calviño Rodríguez, Xulio
Castro Mouzo, Mercedes
Cebro Rodríguez, Xoán
Couto Cancela, Daniel
Fernández Zunzunegui, Emilio
Franco García, José María
Garrido Valenzuela, Javier
González Piñeiro, Manuel
Graña Nogueiras, Jesús
Iglesias Bueno, Marta
Izquierdo Martínez, Francisco Gustavo
Larriba Leira, María Elvira
López Fernández, Yolanda
Macho Senra, Antonio
Martín Moreno, José María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Pedrosa Silva, Ernesto
Piñeiro Rivas, Juan Manuel
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Sánchez Gándara, Rosa María
Souto García, Raquel María
Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel
Zunzunegui Garrido, Natalia

ESCUSAN PARTICIPACIÓN

Figueroa Vila, José Manuel

NON PARTICIPARON

Barata Quintas, Daniel
Casares Mouriño, Francisco Javier
Vázquez Reboredo, Ana Isabel

SECRETARIO

Rodríguez Iglesias, Ignacio



O mércores, 30 de setembro de 2020, ás 12:05 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (30.07.2020).
2. Informe do presidente.
3. Informe do reitor.
4. Informe que proceda sobre as propostas de modificación/verificación de títulos de Grao, Máster e Doutoramento para o curso 2021/2022 na UVigo.
5. Informe previo que proceda sobre a creación da empresa Unmanned Galicia, S.L., como EBT da UVigo, participación da universidade e contraprestacións aplicables.
6. Incorporación de remanente de libre disposición.
7. Solicitude de incorporación de remanente.

Propostas e acordos da Comisión de Actividades e Servizos (22 de setembro de 2020).

8. Ratificación, se procede, da proposta de colaboración co programa "eDestrezas", para fomentar as competencias dixitais entre o estudiantado e o persoal da UVigo nos tres Campus.
9. Outros acordos, axudas e iniciativas.
10. Convenios asinados pola UVigo nos meses de xullo e agosto de 2020.
11. Prezos públicos aplicables ao persoal investigador visitante a partir do curso 2020/2021.
12. Recepción de fondos extraordinarios asociados á situación provocada pola COVID19. Incorporacións de remanente.
13. Rogos e preguntas.

O Pleno reúnese de xeito telemático, dada a limitación de mobilidade creada pola COVID-19, ao abeiro do artigo 24.2) do Regulamento de organización e funcionamento do Consello Social. O presidente agradece a alta presenza dos asistentes. Asiste como convidado o vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, Manuel Ramos, para informar sobre o punto 4 da Orde do día. Os membros reciben, entre a documentación da Orde do día, un estudo sobre a "Situación e retos das universidades españolas ante a transformación dixital", elaborado pola Conferencia de Consejos Sociales e a Red española de Fundaciones universidad-empresa (REDFUE), e o listado de asistencias dos representantes do Consello Social no Consello de Goberno e nas súas comisións delegadas, así como nas comisións do Plan Estratégico, durante o primeiro semestre de 2020.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (30.07.2020).

- ***Apróbese por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

Refírese Ernesto Pedrosa a excepcionalidade da situación e a operatividade dos plenos a distancia nestas circunstancias. Afirmar que ve a UVigo "máis achegada á sociedade do que nunca estivo", e subliña os esforzos que está a facer o equipo de goberno para minimizar os efectos da pandemia. Sobre as últimas declaracións do Reitor sinalando que está todo disposto para posibilitar as



clases presenciais, dignificar as titulacións e para que a UVigo se sitúe entre as 400 mellores do mundo, o presidente manifesta que son mensaxes de optimismo que crean unha "atmosfera sanadora e estimulante cando a pelexa é máis dura e a crise máis imprevisible". Agradece as testemuñas "porque é convinte esperar a mellores tempos para ser pesimista".

Enfoca dúas cuestións clave no horizonte: o novo mapa de titulacións cunha oferta de estudos que reporten competencias útiles para os novos empregos, e a inmersión dixital na formación, na aprendizaxe e na docencia. "Vimos de facer unha aterraxe forzosa na esixencia dixital, e temos a obriga de levala canto antes á senda da normalidade". Incide na transformación dixital das universidades, na economía dixital e na sociedade dixital como portas francas de paso obrigado.

Dá conta da iniciativa do Consello Social para afrontar novas iniciativas que favorezan a responsabilidade social e a transparencia da UVigo a través da web, por ser a principal zona de consulta dos avaliadores. Finalmente felicita a Miguel A. Michinel por acceder á cátedra de Dereito internacional privado, e agradece a Elvira Larriba, Manuel G. Piñeiro e Jesús Graña as aportacións ás comisións de traballo creadas para elaborar o Plan Estratégico da UVigo.

PUNTO 3

Informe do reitor.

Manuel Reigosa centra a súa intervención nos datos sobre a matrícula de novos alumnos e sobre as medidas adoptadas para neutralizar os efectos da COVID-19 e a súa posible incidencia no desenvolvemento do curso, así como os distintos escenarios posibles.

Respecto da primeira cuestión fai unha pormenorizada exposición acompañada de datos para acadar o que cualifica como "éxito na captación de alumnado", que amosa rexistros moi superiores aos de anos precedentes. En esencia contabilízanse 60 títulos de Grao cunha oferta de 3.655 prazas e 3.804 cubertas, o que representa un 103,7 % á espera aínda dos alumnos da convocatoria de setembro. Destaca nestas porcentaxes a demanda recibida no Campus de Ourense, que se sitúa por enriba do 10,7 %. Explica tamén o Reitor os datos correspondentes aos Máster, tamén en niveis "moi altos" de matrícula. Ao respecto anuncia a comparecencia ante o Pleno do Consello Social da vicerreitora de Captación de alumnado, estudantes e extensión universitaria, Natalia Caparrini, cando estea rematado o proceso de matrícula, para ofrecer as explicación oportunas.

No tocante ao novo curso, afirma Reigosa que está todo programado, coa aposta decidida pola máxima presencialidade posible aínda que gardando todas as medidas de seguridade e de distancia recomendables. Sinala que está disposto un plan de seguridade intensivo, contratadas un mínimo de probas e contemplado un estrito seguimento de posibles contaxios e de prevención, para que a universidade non chegue a ser en ningún caso un posible foco de contaxios.

Dá conta, finalmente, da prórroga do plan de financiamento da Xunta ata o ano 2021, o que cualifica de boa nova, e informa da financiación extraordinaria procedente da Xunta e do Ministerio para facer fronte ás medidas extraordinarias e aos protocolos de intervención que se están a implantar na universidade para facer fronte aos efectos da COVID-19.

PUNTO 4

Informe que proceda sobre as propostas de modificación/verificación de títulos de Grao, Máster e Doutoramento para o curso 2021/2022 na UVigo.

O presidente cédelle a palabra ao vicerreitor Manuel Ramos, que agradece a invitación para dar as explicación precisas ante o Pleno. Lembra que as memorias que se propoñen aproveitan a ampliación do prazo de presentación concedido este ano pola Xunta, xa que habitualmente o tempo de proposta de novos títulos remata en xullo. Subliña que a maioría son de carácter interuniversitario, o que supón maior complexidade na súa negociación, e informa de cada unha das memorias.

Sobre o Grao de Relacións Internacionais, para impartir no curso 2021/2022 nos Campus de Ourense e Ferrol, subliña que será un título con carácter interuniversitario exclusivo en Galicia, a impartir polas universidades de Vigo e A Coruña. Implica a docentes de cinco titulacións, e dos catro cursos previstos terán materias comúns os dous primeiros; a partir de terceiro desdobrarase en dúas



especialidades a elixir polos alumnos: "Cooperación ao desenvolvemento", en Ferrol; e "Xestión de proxectos e negocios internacionais", en Ourense. Destaca o vicerreitor a elevada compatibilidade e complementariedade do novo título con varias carreiras que se están ofrecendo no Campus, o que abre moitas opcións a cursar dúbidos graos.

Sobre o Máster en "Desafíos das cidades atlánticas" e os Doutoramentos en "Matemáticas e aplicacións" e en "Ciencias Sociais e do envellecemento", destaca a condición que teñen en común de proxectos transfronteirizos entre as tres universidades galegas e as tres do norte de Portugal. Resalta así mesmo a notable presenza e protagonismo do Campus de Ourense na adscrición destes estudos.

En canto ao Doutoramento en "Educación, deporte e saúde", Manuel Ramos sinala que presenta modificacións de pouca relevancia.

- ***O Pleno informa favorablemente.***

PUNTO 5

Informe previo que proceda sobre a creación da empresa Unmanned Galicia, S.L., como EBT da UVigo, participación da universidade e contraprestacións aplicables.

Dá entrada o presidente a este punto, aclarando que se trata de emitir un informe previo para a súa tramitación no Consello de Goberno e posterior remisión ao Consello Social para aprobación definitiva, de ser o caso. A documentación que se presenta cumpre os requisitos e os procedementos establecidos pola Normativa de creación de empresas de base tecnolóxica da UVigo, e contempla que a UVigo, no caso de participar, tería que desembolsar un máximo de 150,05 € (5% do capital) mediante a compra de participacións a un dos socios. O contrato de transferencia de tecnoloxía contempla igualmente que a empresa, como contraprestación aos dereitos de explotación, abonará á UVigo unha regalía do 5% do valor neto das vendas obtidas pola explotación dos produtos ou servizos prestados cos coñecementos obxecto do acordo.

- ***Infórmase favorablemente.***

PUNTOS 6, 7 e 12

Incorporación de remanente de libre disposición.

Solicitud de incorporación de remanente.

Recepción de fondos extraordinarios asociados á situación provocada pola COVID19. Incorporacións de remanente.

O presidente aclara que, trataranse conxuntamente os tres puntos, se ben figuran por separado na Orde do día, debido a que tiveron entrada na Secretaría do Consello Social en momentos diferentes, incluso cando xa estaba enviada a convocatoria e a documentación, polo que non se puideron agrupar por razóns operativas.

Intervén o vicerreitor de Economía para explicar as solicitudes que se presentan, a petición da vicerreitora de Investigación e do director do Centro de apoio científico e tecnolóxico (CACTI), nos dous primeiros casos, e da responsable da Xerencia no tocante ao punto 12. Neste último caso, J. M^a Martín Moreno precisa que, dada a dispoñibilidade económica da UVigo, trátase de poder empezar a executar os 4.400.000 € de fondos extraordinarios concedidos pola Xunta de Galicia para atender necesidades da UVigo derivadas da situación causada pola COVID, sen ter que agardar a que se asine o reparto, e repoñelos posteriormente. Aclara que a incorporación farase en cinco aplicacións orzamentarias asociadas ás liñas de actuación previstas. O presidente agradece as explicacións.

- ***O Pleno autoriza as tres solicitudes.***



PUNTO 8

Ratificación, se procede, da proposta de colaboración co programa "eDestrezas", para fomentar as competencias dixitais entre o estudiantado e o persoal da UVigo nos tres Campus.

Aclarada e valorada a iniciativa promovida pola Vicerreitoría de Captación de alumnado en colaboración co Consello Social, Ernesto Pedrosa resume o contido, planificación e obxectivos do programa, que será gratuíto e está orientado a mellorar as competencias dixitais do estudiantado, o PDI e o PAS. Os cursos serán principalmente en liña e comezarán en outubro a través do Campus Remoto.

- ***Ratifícase o acordo da Comisión.***

PUNTO 9

Outros acordos, axudas e iniciativas.

Resume o presidente os principais acordos aprobados pola Comisión, consonte o resumo recollido na documentación da que dispoñen os asistentes.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 10

Convenios asinados pola UVigo nos meses de xullo e agosto de 2020.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 11

Prezos públicos aplicables ao persoal investigador visitante a partir do curso 2020/2021.

Sobre a documentación remitida aos membros, engade o secretario que este Regulamento aplícase por primeira vez, para ordenar e normalizar durante a súa estada na UVigo, a presenza do persoal investigador visitante, tanto nacional como internacional procedente de calquera entidade de investigación pública ou privada. Tamén subliña que os prezos que se someten a aprobación terán validez mentres non se modifiquen.

- ***O Pleno aproba os prezos.***

PUNTO 13

Rogos e preguntas.

Natalia Zunzunegui advirte sobre o crucial de transmitirlle ao estudiantado a importancia da formación constante, para acceder á especialización que esixirá o mercado laboral dunha sociedade cambiante, pero tamén para que os egresados poidan cambiar de sector, e mesmo para que a formación dos que xa están traballando reforce as sinerxías cos que están aínda estudando e coas empresas. Neste senso cualifica como reto principal da universidade introducir a transformación dixital pero tamén de mentalidade. Cita o estudo sobre a transformación dixital, do que se deu traslado aos presentes, no que os alumnos se definen como clientes, o que subscribe porque "a universidade é unha emisora de servizos".

Manuel G. Piñeiro reflexiona sobre a importancia da iniciativa aprobada no punto 8, e considera que o Consello Social debería financiarlo integralmente para que fose totalmente gratuíto. Respecto do punto 12, pregunta se os fondos son finalistas e deben ir ás cinco liñas de actuación previstas ou poden ir a outros gastos pola COVID. Sobre a primeira cuestión aclara o presidente que o Consello Social participa co 100 % da cantidade solicitada polo Vicerreitorado que promove a actividade. Respecto do segundo asunto, Martín Moreno considera que cabe certa flexibilidade sempre que os gastos se vinculen dalgún xeito ás cinco aplicacións establecidas con carácter xenérico.

Xosé Manuel Atanes congratulase do convenio firmado pola UVigo co Centro tecnolóxico de supercomputación de Galicia, CESGA, (recollido na documentación do punto 10 da Orde do día) para



proporcionar aos investigadores acceso prioritario a recursos de supercomputación, almacenamento de datos e comunicación. O mesmo conselleiro manifesta que se está a detectar unha elevada demanda para cursar o Máster en ensinanza secundaria, e propugna unha ampliación do número de prazas. Resposta o vicerreitor Manuel Ramos que calquera avance neste senso requiriría un acordo harmónico das tres universidades galegas que imparten o Máster, se ben afirma a Xunta non é receptiva polo momento da ampliación por entender que a oferta e a demanda están axustadas, polo que free as peticións de aumento de prazas que periodicamente fan as universidades. Apunta o vicerreitor o dato de que este ano hai 280 prazas para 2.000 solicitudes.

Juan Manuel Vieites felicita ao equipo de goberno polos datos da matrícula e a alta ocupación global, e interésase polos recursos extraordinarios que se van a aplicar á transformación dixital e a formación, e mesmo pola medida en que se destinarán a estes obxectivos recursos do orzamento propios dada a saneada situación económica que amosa a UVigo. Novamente o vicerreitor de Economía amósase partidario da cautela "porque en algún momento teremos que facer algún axuste" nos orzamentos correntes, aínda que o Plan de financiamento se prorrogue ata 2021, polo que non ve acaído mesturalos cos fondos extraordinarios. Con todo, si está convencido de que os fondos deberán dedicarse a formación, e a procurar que "cando todo isto pase, esteamos nunha posición superior á actual en laboratorios, captación de alumnado estranxeiro, formación online...dixitalización fundamentalmente, e aí poremos o foco".

Felicitación ao equipo de goberno traslada tamén Javier Garrido, que aproveita a súa intervención para insistir na misión pública da universidade e na posibilidade que ten de xerar opinión. "A universidade non só debería xestionar ben a situación, senón xerar opinión sobre a propia situación", e cualifica de mágoa que non estea a ser así.

Pecha as intervencións o Reitor. Manuel Reigosa subscribe o dito por Natalia Zunzunegui e anuncia o inicio do procedemento no Claustro para crear a Escola de posgrao e formación continua para toda a vida "porque o futuro non sabemos como vai ser". Sobre o CESGA aclara que "somos socios e contribuímos, xunto cas demais universidades, aos gastos xerais tendo en conta o uso que fan os investigadores". En canto ao Máster de Ensinanza secundaria, subliña Reigosa que comprende a postura da Xunta, pero tamén recoñece que sería lóxico dispor de máis prazas porque se está pedindo cada vez máis en Galicia, e considera que os que o están reclamando deberían poder cursalo. Remata declarando como un dos obxectivos importantes na aplicación dos fondos que están a chegar á UVigo a apertura de novos mercados en Iberoamérica.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:15 horas do 30 de setembro de 2020, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,
O presidente do Consello Social,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias